

Un mural fotográfico e obradoiros coa mocidade para conmemorar o 25N

O Centro de Información a Muller (CIM) de Boqueixón conmemorou o Día Internacional contra a Violencia de Xénero (25N) con varias accións de concienciación. A máis participativa foi un mural fotográfico que se amosou na entrada do consistorio.

Este mural está composto por unha vintena de imaxes nas que a veciñanza representa o lema desta campaña desenvolvida polo CIM boqueixanés, *As mans para loitar, non para ferir, a fala para acariñar, non para anular*. Para apoiar esta marea pola igualdade, as persoas participantes utilizaron unhas mans moradas que amosaron nas distintas instantáneas.

Por outra banda, o CIM de Boqueixón desenvolveu unha serie de obradoiros co alumnado dos distintos centros educativos do municipio. Comezou esta iniciativa no CPIP Antonio Orza Couto co *Obradoiro de Prevención da Violencia en parellas adolescentes*, dirixida a 27 rapazas e rapaces de 4º de ESO.

As accións de concienciación tamén se levaron ás escolas unitarias do CRA Boqueixón-Vedra. Dirixidas aos 109 nenos e nenas de Educación Infantil e Primaria destes centros, nas distintas sesións tratouse a violencia de xénero e o acoso escolar a través dun conto, buscando que cativas e cativos se convertan en creadores de relacións sen violencia.



O mural fotográfico co gallo do 25N está composto por unha vintena de fotografías aportadas pola veciñanza



As accións de concienciación tamén chegaron ao alumnado das escolas unitarias do CRA Boqueixón-Vedra



Un intre do obradoiro desenvolvido no CPIP Antonio Orza Couto e dirixido á mocidade de 4º de ESO

O Programa de Prevención da Dependencia protagonizou unha xornada formativa na USC



Foto de familia do grupo de alumnas e alumnos do 2º curso de Educación Social da USC coas persoas participantes no programa de prevención da dependencia

O Programa de Prevención da Dependencia protagonizou unha xornada formativa na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela (USC). Sete persoas maiores que integran este programa desenvolvido polos Servizos Sociais do Concello de Boqueixón participaron na presentación dun traballo elaborado por un grupo de alumnos/as de 2º curso de Educación Social da USC, para a materia *Contextos e*

ámbitos na Educación Social. Este grupo de participantes, acompañados da educadora familiar municipal e dunha terapeuta ocupacional da Asociación AGADEA, foron invitados de honra nas aulas.

Os e as estudantes expuxeron un traballo brillante elaborado tras a súa visita ao Local Social de Vigo (onde actualmente se desenvolve o programa). Para a súa elaboración, acompañaron ás persoas participantes no seu desprazamento ata o local

e compartiron as distintas actividades de orientación espacio-temporal e de estimulación cognitiva.

Durante a presentación ante sesenta estudantes do Grao en Educación Social, proxectouse un video-resumo do programa con imaxes captadas o día da visita. Posteriormente, as persoas maiores realizaron unha intervención individual onde salientaron a relevancia das actividades que realizan e o nivel de satisfacción de cada

unha delas. Como remate final, tanto o alumnado como as persoas maiores gozaron dunha sesión de xerontoximnasia dirixida pola terapeuta ocupacional.

Este encontro interxeneracional serviu para achegar a realidade e características deste programa ao alumnado de Educación Social, quenes salientaron a importancia de levar a cabo actividades dirixidas especificamente a persoas maiores no contorno rural.



Divertido Samaín na EIM Raíña Lupa

O alumnado da EIM Raíña Lupa participou nunha animada xornada de Samaín. As aulas enchéronse de cor cunha exposición de cabazas decoradas para a ocasión e degustáronse postres típicos desta época.



Curso gratuíto de Lingua de Signos

Catorce persoas de Boqueixón e de Vedra participaron nun curso gratuíto de Iniciación á Lingua de Signos. A acción formativa, de 10 horas lectivas, foi impartida pola Asociación de Persoas Xordas de Santiago de Compostela.

Seis locais deleitarán os padais da veciñanza na VII Ruta de Tapas 'Que rico estás Boqueixón'

Comeza a sétima edición da Ruta de Tapas 'Que rico estás Boqueixón', que se desenvolve o 30 de novembro, e 1, 2, 7, 8 e 9 de decembro. Participan 6 establecementos hostaleiros con 9 pinchos diferentes, a un prezo de 2 €. Poderanse degustar en horario de mediodía e noite (de 12.00 a 15.00 horas, e de 20.00 a 22.30 horas).


O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, animou á veciñanza a participar nesta VII Ruta de Tapas, con pinchos que este ano incorporan entre os ingredientes as Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia.

Ademais, realizarase un sorteo de 3 premios entre a clientela, divididos en dúas categorías. Para aquelas persoas cun mínimo de 4 selos en diferentes establecementos, entrarán no sorteo dun lote de botellas de viño, cortésia das/os hostaleiras/os participantes na Ruta das Tapas e un lote de produtos do Consello Regulador Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia.

No caso da clientela que complete o tríptico cos seis selos dos establecementos participantes, sortearanse dous agasallos. O primeiro será un premio en metálico de 120 €, aportado polas/os hostaleiras/os da Ruta de Tapas de Boqueixón e un lote de destilados galegos. O segundo, un vale regalo por valor de 120 € para canxear por unha comida/cea nun dos establecementos participantes e un lote de destilados.



O alcalde de Boqueixón e o presidente do Consello Regulador, no centro, con hostaleiros na presentación da VII Ruta de Tapas



'Xarrete ó mencia con tempura de verduras á augardente', Bar Rte. O Imprevisto



'Mar e terra: Pescadilla á crema', Bar A Barreira



'Bao na cunca' Casa de Xantar Casa Castro



'Cremoso de LK', Casa de Xantar Casa Castro



'Polo ELE-K', Restaurante Vente Vindo



'Flan de Orujo', Restaurante Vente Vindo



'Nove reinos', Cervexería O Vikingo



'Polbo ó inferno', Restaurante Vía da Prata



'Chourizo ó inferno de Satán', Restaurante Vía da Prata

Especial



VISITA DE PAPÁ NOEL

Xoves 20 de decembro

Papá Noel visitará a EIM Raíña Lupa, as escolas unitarias e a residencia de maiores.

II GALA DE NADAL DE PATINAXE ARTÍSTICA

Domingo 23 de decembro

12.30 horas

O pavillón municipal de Lestedo acollerá a II Gala de Nadal de Patinaxe Artística '...Era unha vez...'. Entrada gratuíta.

Visita sorpresa.



CAYETANO LLEDÓ

Maxia cómica teatralizada

Domingo 23 de decembro

17.30 horas

A Casa da Cultura de Camporrapado acollerá o espectáculo 'Lafayette Show'. Público familiar. Entrada gratuíta.

TORNEO INTERPARROQUIAL DE FÚTBOL SALA

Luns 24 e martes 25 de decembro

Todo o día, Pavillón municipal do Forte

Inscripcións do 10 ao 19 de decembro no ximnasio municipal (636 731 721 / deportes@boqueixon.com).

Sorteo de grupos, xoves 20 de decembro no salón de plenos ás 11.00 horas.



el Nadal

NADAL ACTIVO

26, 27 e 28 de decembro e 2, 3, 4 e 7 de xaneiro

Espazo lúdico-educativo para a conciliación da vida laboral e familiar nas instalacións do Forte.

Dirixido a nenos e nenas de Infantil e Primaria.

Entrada: 09.00 a 10.00 / Saída: 13.30 a 14.00 horas

Requírese grupo mínimo

Custo: 25 euros

Descontos:

2º fillo: 25%

3º fillo: 50%

4º fillo e sucesivos: de balde

Inscripcións ata o 17 de decembro no Departamento de Cultura: 981 513 115 / cultura@boqueixon.com.



TARDE DE REIS

Domingo 6 de xaneiro

A partir das 17.00 horas no polideportivo do Forte

Xornada chea de diversión para toda a familia.

Boqueixogo, con inchables variados e obradoiros

Chegada dos Reis Magos

As Súas Maxestades Melchor, Gaspar e Baltasar chegarán ao polideportivo e repartirán agasallos entre os nenos e nenas de 0 a 12 anos.

Haberá chocolate con churros para as persoas asistentes a esta Tarde de Reis! Colabora SBC.



Boa acollida ó Ciclo de Teatro de Outono cunha media de preto de 200 asistentes por sesión

O Ciclo de Teatro de Outono de Boqueixón baixou o telón cunha boa acollida por parte do público. Cunha media de preto de 200 asistentes a cada unha das cinco sesións desenvolvidas na Casa da Cultura de Camporrapado, conclúe a programación cun balance positivo, tal e como indican dende o Departamento de Cultura de Boqueixón.

A sesión máis concorrida foi a protagonizada polos integrantes do Grupo de Teatro de Maiores de Boqueixón, que puxo en escena a súa obra *Urxencias*. O resto das xornadas de artes escénicas pasaron pola Casa da Cultura de Camporrapado o Grupo de Teatro Licor Café de Cabanas, Teatro da SCR A Pombiña de Narón, o Grupo municipal de teatro de Ribeira e o Grupo de teatro de maiores do Centro Social de Vedra, que se encargou de pechar o ciclo.

Este programa foi posible grazas ao apoio da Deputación provincial da Coruña e do Clube de Maiores de Boqueixón.



O Grupo de Teatro de Maiores de Boqueixón foi o encargado de abrir o Ciclo de Teatro de Outono en Camporrapado



Grupo de Teatro Licor Café de Cabanas, en escea



Teatro da SCR A Pombiña de Narón, durante a súa representación



Actuación do Grupo de Teatro Municipal de Ribeira



O Grupo de Teatro de Maiores de Vedra pechou o ciclo



Obradoiros sobre ciencia no CRA

O alumnado do CRA Boqueixón-Vedra participou nuns obradoiros sobre o sistema solar. Esta iniciativa, promovida polo Concello en colaboración co centro educativo e a súa ANPA, levou o programa *Ciencia en Ruta* ás seis unitarias.



Presentación de 'Unha matanza esquecida'

O Local Social de Gastrar acolleu a presentación de 'Unha matanza esquecida. Gastrar e Vigo (Boqueixón): Historia dun escarnio durante a Primeira Guerra Carlista', de Severino Fernández Abel. Un acto presidido polo alcalde, Manuel Fernández Munín, e o delegado territorial da Xunta, Ovidio Rodeiro.



Imaxe gañadora do VI Concurso de Fotografía 'Paisaxes de Boqueixón', titulada 'Solpor entre néboas', de Isaac Pérez Vázquez, elixida entre preto de 90 propostas

O VI Concurso de Fotografía 'Paisaxes de Boqueixón' bateu récords de participación

O VI Concurso de Fotografía 'Paisaxes de Boqueixón' bateu récords de participación con preto de 90 imaxes enviadas. Dende a organización deste certame, que promove a Biblioteca Municipal, amosáronse "moi satisfeitos pola excelente resposta acadada".

Entre todas as finalistas escolléronse as tres gañadoras. O primeiro premio outorgouse Isaac Pérez Vázquez pola súa fotografía titulada *Solpor entre néboas*, que recibirá un vale de 200 € para gastar nos establecementos do municipio de Boqueixón. O segundo posto foi para Alejandro Nieto, pola imaxe *Raios crepusculares*, pola que recibirá un vale de 100 €. O terceiro galardón foise para Fernando Lueiro Balado pola súa instantánea *Atardecendo coa raíña*, ao quen se lle entregará un vale de 50 euros.

O xurado, que salientou a gran calidade de todas as propostas presentadas a este certame fotográfico, seleccionou un total de 12 imaxes finalistas. Todas elas conformarán o calendario que o Concello de Boqueixón edita anualmente.

Ademais das 3 premiadas, o calendario do Concello de Boqueixón incorporará as seguintes imaxes: *Campo de millo na noite*, de José Emilio Gómez Crespo; *A Ponte*, de José Emilio Gómez Crespo; *Rolos de herba*, de José Emilio Gómez Crespo; *O Pico Sacro sobre as nubes*, de Lorena Couto Rey; *A sombra do Pico Sacro*, de Isaac Pérez Vázquez; *Igrexa de Santa María de Lestedo*, de Rosa M^a Liñares Liñares; *Muíño de Codeso*, de Cristina Rosende Liñares; *Fervenza de Codeso*, de Elisabet López Carvalhais; *Crespúsculo*, de Alejandro Nieto.



Segundo clasificado, Alejandro Nieto, pola súa imaxe 'Raios crepusculares'



O terceiro premio foir para 'Atardecendo coa raíña', de Fernando Lueiro Balado

Alumnado de ESO aprende sobre Primeiros Auxilios

O Departamento de Deportes do Concello de Boqueixón, en colaboración co de Educación Física do CPIP Antonio Orza Couto, impartiu obradoiros e charlas formativas sobre Primeiros Auxilios ao alumnado de ESO. As sesións desenvóléronse no ximnasio municipal.

As mozas e mozos ad-

quiriron os coñecementos e habilidades necesarias para unha eficaz resposta nunha situación de emerxencia. Ademais, amosouse ao alumnado a establecer un correcto protocolo de actuación, que comeza coa chamada ó 112, e a como aplicar as técnicas de RCP neste tipo de casos.



As sesións formativas desenvóléronse nas instalacións do ximnasio municipal

AXENDA DO MES DE DECEMBRO

1, 2, 7,
8 e 9

VII Ruta de Tapas 'Que rico estás Boqueixón'

O Imprevisto, A Barreira, Casa Castro, Vente Vindo, O Vikingo e Vía da Prata
12.00-15.00/20.00-22.30 h
Prezo tapa: 2 €

Martes
18

Unidade Móbil de Doazón de Sangue

O Forte (diante do centro de saúde)
09.30 a 14.30 horas

Mércores
19

Unidade Móbil de Doazón de Sangue

Camporrapado (diante do Bar Nervioso)
15.30 a 21.00 horas

Xoves
20

Unidade Móbil de Doazón de Sangue

Lestedo (diante de Abanca)
15.30 a 21.00 horas

Xoves
20

Visita de Papá Noel

EIM Raíña Lupa, Escolas Unitarias e a residencia

Sábado
22

Actuación de Carlos Labraña

C. Cultura Camporrapado
18.00 horas

Entrada de balde

A A.C. Mestre Manuel Gacio tamén realizará a entrega de premios do seu certame literario. Carlos Labraña interpretará a obra 'O Apalpador'.

Domingo
23

II Gala de Nadal de Patinaxe Artística

Polideportivo de Lestedo
12.30 horas
Entrada de balde
Actuacións e visita sorpresa.

Domingo
23

Cayetano Lledó: Maxia cómica teatralizada

Casa da Cultura de Camporrapado
17.30 horas
Entrada de balde
Espectáculo de humor e ilusionismo. Público familiar.

24 e
25

Torneo Interparroquial de Fútbol Sala

Pavillón Municipal do Forte
Todo o día
Inscripcións ata o día 19 no ximnasio municipal (636 731 721/deportes@boqueixon.com. Sorteo de grupos, xoves 20 ás 11.00 horas no salón de plenos.

26, 27
e 28

Nadal Activo

O Forte
09.00 a 14.00 horas
Programa de conciliación da vida laboral e familiar dirixido a nenos e nenas de Infantil e Primaria.

Sábado
29

Actuación de Manoele de Felisa

C. Cultura Camporrapado
19.00 horas
Entrada de balde
Organiza a A.C. Mestre Manuel Gacio. Deberanse solicitar as entradas no e-mail acmestremmanuelgacio@gmail.com.

e en xaneiro...

2, 3, 4
e 7

Nadal Activo

O Forte
09.00 a 14.00 horas
Programa de conciliación dirixido a nenos e nenas de Infantil e Primaria.

Domingo
6

Tarde de Reis

Polideportivo do Forte
A partir das 16.30 horas
Entrada de balde
Actividades para a familia e visita dos Reis Magos.

Máis información e inscricións:

Centraliña: 981 513 061
concello@boqueixon.com

Cultura: 981 513 115
cultura@boqueixon.com

Dto. Local e Turismo: 981 513 061
boqueixonturismo@gmail.com